VACINACIÓN INFANTIL

Galicia implantou o seu primeiro calendario vacinal infantil no ano 1981. Desde entón ata hoxe, este calendario foi evolucionando introducíndose novas vacinas que permiten inmunizar aos nenos/as fronte a máis enfermidades, incorporándose novas pautas de vacinación.

A vacinación na idade infantil introdúcese en España na década dos 60, implantándose en Galicia o primeiro calendario no ano 1981. Desde entón ata hoxe, este calendario foi evolucionando introducíndose novas vacinas que permiten inmunizar aos nenos/as fronte a máis enfermidades, incorporándose novas pautas de vacinación.

Derivada da boa aceptación por parte da poboación dunha actuación que contribúe a protexer a saúde dos seus nenos/as, na nosa comunidade alcánzanse altas cifras de coberturas de vacinación, circunstancia que permitiu unha drástica diminución da incidencia de enfermidades prevenibles mediante vacinación así como a mortalidade asociada.

É imprescindible manter estas altas coberturas para evitar a reaparición de enfermidades graves, hoxe en día case desaparecidas.

É importante destacar as elevadas marxes de seguridade dos produtos vacinais que se administran na actualidade, onde a relación risco-beneficio é claramente positiva, dado que os efectos adversos que adoitan ocorrer son leves e transitorios.

Calendario vacinación infantil 1 xaneiro de 2017- 14 setembro de 2022

Calendario acelerado de vacinación

Inclusión da vacina fronte ao meningoco ACWY

Coadministración da vacina frente ao meningococo ACWY con outras vacinas

A vacina utilizada para a vacinación en adolescentes frente *Neisseria meningitidis* dos serogrupos A, C, W, Y, Menveo® pódese administrar concomitantemente coas outras vacinas do calendario como se pode inferir da lectura da sua ficha técnica (non incompatibilidade) e dos resultados dos estudios clínicos realizados ate o momento actual.

Vacinación fronte ao rotavirus en prematuros

Vacinación fronte ao meningococo B

Calendarios anteriores

Documentación correspondente aos calendarios vacinais infantís vixentes en anos anteriores

Outros calendarios oficiais

Calendario de vacinación 2023. Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
Calendarios de vacinación por Comunidades e Cidades Autónomas.
Calendarios de vacinación europeos.
Calendario de vacinación por países de América.
Calendario de vacinación por países (OMS)